

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES GALLEGAS DE LA REPÚBLICA ARGENTINA PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS CONXUNTAS

En Santiago de Compostela, a 10 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a. Rosario Álvarez Blanco** en calidade de Presidenta do Consello da Cultura Galega, CIF Q6550003E, con sede en Pazo de Raxoi, 2^º andar, Praza do Obradoiro s/n, 15705 Santiago de Compostela, e con poderes suficientes para a realización deste acto en virtude do establecido na Lei 8/1983, de 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega (DOG, 9 de agosto), así como en uso das atribucións que lle confire o artigo 14 do Decreto 162/2008, de 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG do 5 de agosto).

Doutra parte, **Diego A. Martínez Duro**, actuando en calidade de Presidente da Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina (Federación, en diante), con sede na Calle Chacabuco 947/955, Ciudad Autónoma de Buenos Aires, República Argentina.

Ambas as dúas partes recoñecen entre si a capacidade legal para outorgar o presente protocolo e

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Consello da Cultura Galega é unha institución creada, de conformidade co artigo 32 do Estatuto de autonomía, por Lei do Parlamento de Galicia (Lei 8/1983, do 8 de xullo), que ten como obxectivo a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Para iso, mantén unha estreita relación co conxunto da sociedade, contribuíndo

ao progreso e á difusión do coñecemento e da cultura, proxectando as súas funcións e servizos ao contorno social.

Doutra banda, desde 1992 funciona, no seo do Consello da Cultura Galega, o Arquivo da Emigración Galega, que ten como obxectivo conservar a memoria viva da emigración galega através da recuperación do seu patrimonio documental. O Arquivo da Emigración constitúe un centro de difusión, documentación, investigación de referencia para a conservación e posta a disposición dos/das investigadores/as de materiais relacionados cos procesos migratorios.

SEGUNDO.- Que a Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina é unha das entidades históricas da emigración galega. Creada en 1921 como Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales de la República Argentina, coa fin de loitar pola redención do campesiñado galego, a superación do atraso económico e cultural de Galicia e mais a súa emancipación política. Na actualidade a Federación realiza un importante labor cultural e de difusión da galeguidade na Arxentina.

Dentro desa actividade cultural, a Federación impulsou o **Museo da Emigración Galega na Arxentina (MEGA)**, organismo destinado a perpetuar a memoria da comunidade inmigrante galega na Arxentina.

TERCEIRO.- Que coincidindo o interese do Consello da Cultura Galega co da Federación na promoción e difusión do inmenso legado cultural da emigración galega e mais da súa diáspora, considérase beneficioso para ambas as dúas partes establecer e desenvolver liñas de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO PROTOCOLO

Este protocolo reviste o carácter de acordo marco de colaboración cultural e de asistencia mutua entre o Consello da Cultura Galega e a Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina.

SEGUNDA COMPROMISOS DAS PARTES

A colaboración mutua terá en conta, con carácter xeral, os seguintes aspectos:

- a) O Consello da Cultura Galega realizará labores de asesoramento e coordinación ao Museo da Emigración Galega na Arxentina (MEGA)
- b) A programación conxunta de actividades culturais para a difusión do papel das migracións na Historia de Galicia.
- c) A realización conxunta de cursos, publicacións, palestras, concertos e coloquios de interese mutuo.
- d) Intercambio de publicacións, traballos de investigación e de calquera tipo de materiais didácticos que resulten de interese.
- e) Intercambio e colaboración de toda sorte de proxectos culturais de interese común.
- f) Elaboración, edición e distribución de materiais didácticos, formativos e de divulgación sobre a emigración galega, en soporte variado.
- g) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes.

Cada un dos programas concretos de colaboración entre ambas as dúas partes requirirá a elaboración dun proxecto específico no que figure:

- Definición dos obxectivos.
- O nivel de asesoramento que realizará o Consello da Cultura Galega no Museo da Emigración Galega na Arxentina.
- Descrición do programa de traballo, con indicación das fases e do programa.
- Formulación e aprobación do orzamento total asignado e, de ser o caso, da conseguinte partida orzamentaria.
- Relación ou previsión de participantes.
- Calquera outro aspecto que se considere relevante.

Os devanditos programas concretos poderanse plasmar nun Convenio específico.

O Concello da Cultura Galega e a Federación poderán organizar actividades como as descritas en colaboración con outras institucións, comprometéndose a cooperar economicamente no desenvolvemento das devanditas actividades e, de ser o caso, a xestionar de xeito conxunto a captación de recursos alleos.

TERCEIRA. – SEGUIMIENTO E CONTROL

O seguimento da execución do establecido no presente Protocolo realizarase mediante o intercambio da información entre as partes, así como mediante a elaboración de informes de avaliación e de valoración dos resultados.

Cada parte designará ao responsable do seguimento do presente Protocolo.

CUARTA. VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente protocolo entrará en vigor para todos os efectos a partir do día da súa sinatura por ambas as dúas partes e terá unha vixencia dun ano, prorrogable nos seguintes agás sexa denunciado por algunhas das partes asinantes

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este Protocolo por unha das partes facultará á outra parte para rescindilo, ficando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o proxecto do programa realizado.

QUINTA.- PUBLICIDADE

Este Protocolo será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén obxecto de publicidade a teor do disposto no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regulamento o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente Protocolo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do Protocolo.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes intervintes manifestan ter sido informadas, con respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o axeitado desenvolvemento deste Protocolo, de conformidade co disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos seus datos será a execución do presente Protocolo.

No caso de, no ámbito deste Protocolo, os intervintes facilitárense respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS DO PROTOCOLO.

O presente Protocolo constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación co seu obxecto e contido. Calquera modificación do mesmo haberá ser efectuada por escrito e asinada por ambas as partes.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente Protocolo ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, aínda que se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.


NOVENA.- XURISDICCIÓN

As partes comprométense a procurar a resolución de calquera conflito ou incidencia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente Protocolo de común acordo.

No caso de non poder ser resolto como antecede, o presente Protocolo someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Protocolo, asínano e rubrícano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Polo Concello da Cultura Galega

A PRESIDENTA
P.D. Resolución 3/4/2019
O VICEPRESIDENTE

Asdo.: Xosé M. Núñez Seixas

Pola Federación de Asociaciones Gallegas
de la República Argentina

Diego A. Martínez Duro
Presidente

